

O que se fai público para xeral coñecemento e efectos.

Corgo, 30 de maio de 2018.- O alcalde-presidente, P.D. O primeiro tenente de alcalde (Decreto de 25 de maio de 2018) Felipe Labrada Reija .

R. 1485

## A FONSAGRADA

### Anuncio

#### CONTA XERAL 2017

Unha vez formulada e rendida a conta xeral desta entidade local correspondente ó exercicio de 2017 expónse ó público, xunto cos documentos que a xustifican, na secretaria do concello durante o prazo de 15 días hábiles, a partir do seguinte día ó da inserción do presente anuncio no BOP, co obxecto de que poida ser examinada e formulada durante o devandito prazo e oito días seguintes, e admitiranse os reparos e observacións que se poidan formular por escrito, os cales deberán ser dirixidos á Alcaldía deste Concello, de conformidade co disposto no artigo 212 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, que aproba o texto refundido da Lei das Facendas Locais.

A Fonsagrada, 30 de maio de 2018.- O Alcalde, Argelio Fernández Queipo.

R. 1486

### Anuncio

#### ACORDO RECOÑECEMENTO DEDICACIÓN PARCIAL A MEMBROS DA CORPORACIÓN

Aprobado acordo polo Pleno do Concello de A Fonsagrada de data 24 de maio de 2018 relativo ao recoñecemento de dedicación parcial do cargo de primeiro tenente de alcalde, o que se publica aos efectos do seu xeral coñecemento, de conformidade co disposto no artigo 75.5 da Lei 7/1985 de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local.

“Á vista da proposta de Alcaldía e emitido informe de Secretaría-Intervención do expediente de recoñecemento de dedicación parcial a membros da Corporación, o Pleno da Corporación, cos votos favorables dos sete concelleiros do PSdG-PSOE e a concelleira do BNG e co voto en contra dos dous concelleiros do PP, adopta o seguinte ACORDO:

**PRIMEIRO.** Determinar que o cargo de 1º tenente de alcalde realice a súa función en réxime de dedicación parcial e debendo ter unha presenza efectiva mínima no Concello de 19 horas semanais.

**SEGUNDO.** Establecer a favor do membro da Corporación que desempeñe o seu cargo en réxime de dedicación parcial, as retribucións que a continuación se relacionan, que se percibirán en catorce pagas, doce correspondentes ás diferentes mensualidades do ano e os dous restantes correspondentes ás mensualidades de xuño e decembro, e darlle de alta no réxime xeral da Seguridade Social, debendo asumir esta Corporación o pago das cotas empresariais que corresponda.

— O cargo de 1º tenente de alcalde, (funcións de responsabilidades que así o requiran...) percibirá unha retribución anual bruta de 20.401,92 €, incluídas as pagas extraordinarias.

**TERCEIRO.** Publicar de forma íntegra no *Boletín Oficial da Provincia* o Acordo do Pleno, aos efectos do seu xeral coñecemento.

**CUARTO.** Notificar devandito Acordo aos interesados e ao Servizo de persoal e intervención para o seu coñecemento e efectos”.

A Fonsagrada a 28 de maio de 2018.-O Alcalde, Argelio Fernández Queipo.

R. 1487

## FRIOL

### Anuncio

Por Resolución de Alcaldía de data 04 de xuño de 2018, foron aprobadas as bases específicas para a selección e posterior contratación de Un Xefe de Brigada, Un Peón Conductor, Tres Peóns de Brigada e Tres Condutores de Vehículo Motobomba, ao abeiro do Convenio de Colaboración suscrito entre a Consellería do Medio Rural e o Concello de Friol para a participación na prevención e defensa contra incendios forestais.

Duración do Contrato: 3 Meses.

Prazo de Presentación de Solicitudes: no prazo de cinco días naturais contados a partir do día seguinte a publicación do anuncio de convocatoria no Boletín Oficial da Provincia de Lugo, no Rexistro Xeral do Concello de Friol en horario de 9:00 a 15:00 horas de luns a venres, ou a través de calquera dos medios que prevé a Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas. No caso de que o proceso remate en día inhábil, entenderase prorrogado ao día hábil seguinte.

Máis información nas Bases da Convocatoria que poderán ser consultadas no taboleiro de anuncios do Concello de Friol e no portal de transparencia da súa páxina web. ([www.concellodefriol.es](http://www.concellodefriol.es)).

Friol, 4 de xuño de 2018.- O Alcalde, José Ángel Santos Sánchez.

R. 1542

---

## PARADELA

### *Anuncio*

#### EXPOSICIÓN AO PÚBLICO CONTA XERAL EXERCICIO 2017

Unha vez formulada e rendida a Conta Xeral do orzamento correspondente ao exercicio económico de 2017 e unha vez informada pola Comisión Especial de Contas, expónse ao público cos documentos que a xustifican na secretaría do concello polo prazo de 15 días hábiles, contados a partir do seguinte ao da inserción do presente Edicto no BOP, co obxecto de que durante este prazo e oito días máis os interesados poidan examinala e presentar as reclamacións, reparos ou observacións que estimen pertinentes, de conformidade co disposto nos artigos 116 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, e 212 do Real decreto lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora de facendas locais.

Paradela, 31 de maio de 2018.- O Alcalde, José Manuel Mato Díaz.

R. 1492

---

### *Anuncio*

#### APROBACIÓN INICIAL EXPEDIENTE DE MODIFICACIÓN DA PLANTILLA DE PERSOAL

Aprobado inicialmente o expediente de modificación da plantilla de persoal deste Concello que ten por obxecto a creación dunha praza de operario de servizos múltiples, por acordo do Pleno de data 31 de maio de 2018, de conformidade co artigo 126 do Texto Refundido das Disposicións vixentes en materia de Réxime Local aprobado polo Real Decreto Lexislativo 781/1986, de 18 de abril, sométese a información pública polo prazo de quince días, a contar desde o día seguinte ao de publicación do presente anuncio no Boletín Oficial da Provincia.

Durante o devandito prazo poderá ser examinado por calquera interesado nas dependencias municipais para que se formulen as alegacións e reclamacións que se estimen pertinentes.

No caso de que non se presentasen reclamacións durante este período, entenderase elevado a definitivo o acordo de aprobación inicial e a modificación considerarase aprobada.

Paradela, a 31 de maio de 2018.- O Alcalde, José Manuel Mato Díaz.

R. 1493

---

### *Anuncio*

#### APROBACIÓN INICIAL EXPEDIENTE DE MODIFICACIÓN DE CRÉDITOS Nº 7/2018, NA MODALIDADE DE SUPLEMENTO DE CRÉDITO FINANCIADO CON REMANENTE LÍQUIDO DE TESOURARÍA PARA GASTOS XERAIS.

Aprobado inicialmente polo Pleno da Corporación en sesión ordinaria celebrada o 31 de maio de 2018, o expediente de modificación de créditos nº 7/2018, de suplemento de crédito financiado con Remanente Líquido de Tesouraría para Gastos Xerais, en cumprimento do que se dispón no artigo 169.1 por remisión do 177.2 do Real decreto 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, sométese o expediente a exposición pública polo prazo de quince días contados dende o día seguinte da inserción deste anuncio no Boletín Oficial da Provincia, para que os interesados poidan examinar o expediente e presentar as reclamacións que estimen oportunas.

De conformidade co acordo adoptado, a modificación de crédito considerarase definitivamente aprobada, se durante o citado prazo non se presentan reclamacións.